




# Sen saída no Iraq

## Description



**A violencia masiva, gratuíta, esaxerada e arbitraria coa que cada día esperta Iraq, certifican que a Guerra unilateral e preventiva deixa como legado un país empobrecido, fracturado, desangrado e inxusto.**

«A guerra das tres mentiras» podería ser a denominación pola que a Guerra de Iraq pasase á historia. Ningunha das tres razóns esgrimidas oficialmente para a súa declaración era verdade: Nin había armas de destrución masiva, nin construíu un sistema democrático, nin atopou conexións coa organización terrorista Al-qaeda.

Na verdade, ningunha das tres falsidades foi a que destapou a maldición de Bagdad que persegue aos seus protagonistas, escenificados no Cumio das Azores. O infortunio electoral que se foi cebando sobre os seus principais actores: Durao Barroso, J.M. Aznar, S. Berlusconi, W. Bush. Xa ten as súas gadoupas afiadas para dirixirse a Tony Blair. O legado das Azores deixa en herdanza un mundo menos seguro, máis violento e tan inxusto como antes.

Dende moito antes da debacle electoral de Bush, xa o goberno norteamericano estaba a reformular aqueles principios nos que baseou os fundamentos doutrinarios do modelo Unilateral- Preventivo.

Antes do verán no pentágono fixera unha revisión das Estratexia de Seguridade Nacional de 2002, onde estaban reflectidas as verdadeiras causas da Guerra de Iraq. Sen escurantismo algún, no documento expresaba a necesidade de ocupar novas posicións xeoestratéxicas no Oriente Medio por razóns múltiples como encher o espazo que deixou a antiga URSS, ou o achegarse aos centros neurálxicos dos recursos enerxéticos fósiles.

A medida que se complicaba o escenario na guerra de Iraq, George W. Bush, mentres teimaba publicamente en repetir as mesmas consignas, comezaba a reunirse con diferentes expertos en Oriente Medio. Cunha situación de violencia crecente e con datos enriba da mesa que falaban de, polo menos, 3000 mortos iraquís no mes de xullo, e 164 soldados estadounidenses, pasou boa parte das vacacións tratando de reformular, xa non os principios doutrinarios, senón a propia estratexia da guerra que se encamiñaba cara un punto sen retorno.

Ningún dos tres grandes trofeos de guerra, que trataron de visibilizar publicamente como decisivos para a resolución do conflito tiveron os efectos agardados. Nin a captura de Sadam Husein, nin a eliminación de Abu Musab Al Zarqawi, nin a condena a morte de Propio Sadam Husein influíron na minga da violencia.

Tampouco os presentados como os tres grandes cambios políticos-administrativos tiveron os efectos desexados na normalización democrática. Nin a transferencia tutelada do poder aos iraquís, nin a formación dun goberno de coalición, nin a creación dun tribunal especial iraquí encargado do xuízo de Sadam Husein e dos seus colaboradores. Todos eles, pola contra, contribuíron a reforzar a sensación de arbitrariedade e ocupación despótica.

Se en febreiro de 2006 EEUU traballaba coa hipótese de que non podería retirar as súas tropas antes do 2009, agora coa perda do control do congreso e o senado, vai ser moi difícil que Bush poida manter o mesmo rumbo de ocupación ata as eleccións presidenciais de 2008.

A verdadeira maldición de Bagdad que persigue agora a Bush, está agachada entre os .000 mortos dende a ocupación, nos 100.000 millóns de custe anual da guerra, no fracaso na estratexia militar, e nunha opinión pública norteamericana que maioritariamente deixou de asociar, Iraq con guerra ao terrorismo. Factores que poden empurrar ao presidente norteamericano a una retirada. Unha fuxida, non desexada, pola porta de atrás.

Probablemente unha saída das tropas estadounidenses consolidaría unha partición que xa está patenta na actualidade. Tanto a comunidade Kurda, como a xiíta, coma a sunnita posúen milicias armadas que operan nas súas respectivas áreas. Vai ser realmente complicado que poidan coincidir nunhas nas fronteiras, sen que se desate unha guerra civil.

No que non hai discrepancia algunha entre xiítas. Kurdos e sunnitas é en querer ver as forzas de ocupación fora das fronteiras do actual Iraq.

*Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012*

## **APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS**

Oriente Medio ARQUIVO

### **IDIOMA**

Galego

### **Date Created**

Novembro 16, 2006

### **Meta Fields**

**Autoria :** 10036

**Datapublicacion :** 2006-11-16 00:00:00